



III torneo de XADREZ

Bases do torneo:

Primeira. Obxectivo.

Contribuír á práctica do Xadrez no eido escolar, potenciando a percepción, o razonamento lóxico-matemático, a memoria visual, a concentración e a toma de decisións.

Segunda. Participantes.

Poderá participar calquera persoa que forme parte da comunidade educativa do IES Espiñeira.

Terceira. Especificacións.

- 1- A participación será gratuita.
- 2- O período de inscrición será do 8 ao 18 de xaneiro de 2018.
3. O lugar de inscrición será a biblioteca. Realizarase persoalmente ante a coordinadora da biblioteca.
- 4- As partidas realizaranse nos recreos, usaranse cronómetros cun tempo máximo para cada xogador de 10 minutos, 20 toda a partida.
- 5- As partidas xogaranse nas instalacións do IES Espiñeira.
- 6- O torneo comezará o día 29 xaneiro de 2018. A súa duración estará en función do número de participantes.
- 7- Para que se celebre o torneo, será necesario un mínimo de 16 participantes.
- 8- Publicarase un cadro cos emparellamentos dos participantes na primeira xornada do torneo. Haberá unha reunión previa coa realización dun sorteo.
- 9- Ás 3 xogadas ilegais na mesma partida o xogador será descualificado automaticamente. Peza tocada, peza movida.
10. Se o resultado da partida é táboas, xogase unha nova. Se esta situación se repite tres veces, quedarán descualificados os dous xogadores.
- 11- Se un xogador/a non asiste a unha partida daráselle esta por perdida.
- 12- Os participantes no torneo autorizan a publicación dos seus datos persoais na web do centro e noutros posibles medios de comunicación.
13. Os xogadores que acaden as mellores cualificacións (por determinar) poderán participar de forma voluntaria nun torneo de xadrez contra os xogadores do IES Praia Barraña.

Cuarta. Premios

As tres persoas que gañen o torneo recibirán uns vales para a caferería/librería de 12 € para o gañador, 10 € o segundo e 8 € o terceiro.

A inscrición no torneo implica a aceptación das presentes bases.